

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A DIVULGACIÓN DA CULTURA CHINESA

Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, para o que foi nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e de conformidade co establecido no Decreto 198/2020, do 20 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Doutra parte, D. Julio Ernesto Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña, con CIF: Q6550005-J, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro, no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e no artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, no marco da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras que desenvolve, ten como obxectivo favorecer o coñecemento das linguas estranxeiras e da súa cultura, neste caso do chinés, nos centros educativos do seu ámbito de actuación, especialmente a través das escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia

Segundo.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade está a colaborar con Hanban (Instituto Confucio), organización non governamental adscrita ao Ministerio de Educación da



República Popular China, na promoción e difusión do idioma e a cultura chineses en Galicia, a través dun programa de estadias de profesorado voluntario chinés, a cambio de proporcionarlle aloxamento gratuíto.

Terceiro.- Que a Universidade da Coruña (UDC) é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que conta con autonomía, de acordo cos seus estatutos e no marco da lexislación vixente.

Cuarto.- Que a UDC creou en abril de 1997 o seu Rexistro de Persoal Voluntario, garantindo a participación da comunidade universitaria en actividades de interese xeral con carácter altruísta e solidario a través de institucións públicas ou privadas, tal e como se recolle na Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, de voluntariado. A UDC está adscrita co número A-7 no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia.

Quinto.- Que tanto a Consellería de Cultura, Educación e Universidade como a UDC están interesadas en establecer as canles de colaboración necesarias para a promoción da cultura e da lingua chinesas entre a comunidade universitaria.

En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio de colaboración a teor das seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a UDC nas actividades de dinamización e divulgación da cultura chinesa no Campus da Coruña, enmarcadas dentro das desenvolvidas pola consellería no Programa de profesorado voluntario chinés.

Segunda.- COMPROMISOS DAS PARTES

A UDC ofertará gratuitamente unha praza para aloxamento na Residencia Universitaria Elvira Bao, da cidade da Coruña, destinada á persoa participante no Programa de profesorado voluntario de chinés da Consellería de Cultura, Educación e Universidade na EOI da Coruña.



A Consellería de Cultura, Educación e Universidade comprométese a que o profesorado voluntario chinés colabore co Centro de Linguas Modernas da UDC para a realización de actividades relacionadas coa cultura e o idioma chineses, coa dedicación horaria que se estipule coa dirección da Escola Oficial de Idiomas da Coruña.

O profesorado voluntario chinés que se acolla nesta residencia cumprirá en todo momento coas normas de uso da Residencia Elvira Bao así como co Regulamento de Réxime Interno das Residencias Universitarias.

Terceira.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación do presente convenio integrada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións. As súas funcións serán as de seguimento, interpretación, coordinación e cumprimento do convenio, e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución.

Esta comisión estará formada:

Pola UDC: pola vicerreitora de Internacionalización e Cooperación e a vicerreitora Estudantes, Participación e Empregabilidade ou as persoas nas que deleguen.

Pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade: por un/ha inspector/a de educación e un/ha funcionario/a da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Cuarta.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura, terá carácter anual e prorrogarse por acordo expreso das partes por períodos anuais, sempre que non se propoña a súa revisión ou a súa denuncia por algunha das partes cunha antelación mínima de tres meses antes da finalización do prazo, sen que poida afectar ás actividades pendentes de realizar.

Quinta.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.



- b) O incumprimento das súas estipulacións, previa reunión da Comisión de Seguimento.
- c) As demais causas de resolución do artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Sexta- REXISTRO DE CONVENIOS. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso dos interesados á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que aparecen nel poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Sétima.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas, para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia [Notific@](mailto:Notific@xunta.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Oitava.- ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de



Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais, e tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Novena.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E GARANTÍA DOS DEREITOS DIXITAIS

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais. Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados. Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

O/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea á EOI información da que tivese coñecemento, nin a utilizará ou dispoñerá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as ditas actividades formativas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á escola, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o/a estudante poderá asinar coa escola un documento en que se obrigue acumpir o deber de secreto antes citado.





Décima.- XURISDICIÓN

As partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puidesen xurdir, a través da Comisión de Seguimento.

Non obstante, recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente para dirimir cuestións litixiosas que puidesen xurdir na aplicación deste convenio.

E, en proba de conformidade, asíñase este convenio de colaboración no lugar e data indicados na súa sinatura dixital.

Pola Consellería de Cultura, Educación
e Universidade

D. Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

Pola Universidade da Coruña

D. Julio Ernesto Abalde Alonso

Reitor da UDC

